



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2025-16

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

15 de Outubro de 2025

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

10:36

Hora de Finalización

10:52

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

CRISTINA GOMEZ DOBARRIO
LUCIA GIL CID

MEMBROS AUSENTES

MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 03.09.2025 (ACTA 15/2025)

A acta apróbbase por unanimidade.

2º. APROBACIÓN DOS PADRÓNS DO SEGUNDO CUADRIMESTRE DO 2025: DA TAXA DE ABASTECIMENTO DOMICILIARIO DE AUGA E DO CANON DA AUGA DA XUNTA DE GALICIA.

O Sr. alcalde pon en coñecemento dos concelleiros asistentes á sesión que polo Servizo de Recaudación da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, en base ós datos facilitados polo Concello da lectura dos contadores correspondentes, confeccionáronse os seguintes padróns:

- Da **Taxa** do subministro domiciliario de auga potable no núcleo de Castrelo do Val correspondente ó **segundo cuadrimestre** do **2025**
- Do **Cánon** da Auga da Xunta de Galicia, polo consumo de auga efectuado polos usuarios do servizo de suministro que presta este Concello correspondente ao **segundo cuadrimestre** do **2025**.

Logo de examinar os devandito padróns, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes **ACORDA:**





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

1º. Aprobar o padrón da Taxa por subministro de auga potable do **segundo cuadrimestre do 2025**, de data **2 de outubro do 2025**, que consta de **238** recibos, unha base imponible de **6.989,30** euros, IVE por importe de **698,91** euros, e un importe total de **7.688,21** euros.

2º. Aprobar o padrón do Canon da Auga da Xunta de Galicia, polo consumo de auga efectuado polos usuarios do servizo de suministro que presta este concello, correspondente ao **segundo cuadrimestre do 2025** que ascende a **4.904,63** euros.

(O Concello de Castrelo do Val, en virtude do establecido no artigo 48 do Decreto 136/2.012, do 31 de maio, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, polo que se aproba o Regulamento do Canon da auga, está obrigado a repercutir e recadar dos seus abonados ao servizo de suministro de auga o Canon da auga, e autoliquidar o importe a Augas de Galicia.) Total Padróns cobratorios: **12.592,94** euros.

3º. Expoñer ó público por prazo de 15 días estes padróns, mediante anuncio que se publicará no **BOP** e que se exporá no taboleiro de edictos do Concello, para que durante este prazo poidan examinalo e formular alegacións contra o mesmo ás persoas interesadas.

4º. Período de pagamento voluntario: o prazo de cobramento en período voluntario destes padróns, será de **dous meses** contados a partir do día seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Ourense, e realizarase a través do Servizo de Recadación da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, situado na Rúa do Castro, 4. baixo. 32600 Verín (Ourense).

3º. CONTA XUSTIFICATIVA DA ACTUACION "SINALIZACION DA RUTA DOS CARBOEIROS" EXECUTADA AO ABEIRO DA RESOLUCION DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, DO 7 DE FEBREIRO DE 2025 (DOG NÚM. 35 DO 20/02/2025) DE AXUDAS PARA ACTUACIONES DE MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS TURISTICAS.

O Sr. Alcalde, lembra aos presentes a **subvención** concedida por Resolución da **Axencia de Turismo de Galicia**, de data **3 de abril de 2025**, das de axudas a concellos de ata 10.000 habitantes para mellora das infraestruturas turísticas, para a execución da actuación chamada **“Sinalización da ruta dos carboeiros” (TU503D 2025-031)**

A continuación, pasa a dar conta ós presentes da **certificación 1 - final** da devandita obra denominada **“Sinalización da ruta dos carboeiros”, (TU503D 2025-031)**, cofinanciada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, de data **14/10/2025**, por un importe total de **27.817,90 euros**, suscrita polo director das mesmas, Fabio Pereira Álvarez.

Examinada a mesma e atopada conforme, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar a referida **certificación 1 - final**, da obra denominada **“Sinalización turística da ruta dos carboeiros”, (TU503D 2025-31)** cofinanciada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, por un importe total de **27.817,90 euros**, suscrita pola directora das mesmas, Fabio Pereira Álvarez, nos termos nos que se atopa redactada.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

SEGUNDO. Recoñecer e liquidar a obriga derivada da súa aprobación, a favor do adxudicatario da obra; e consecuentemente, **aprobar as facturas:**

- **Núm. 250036 de Sherpa Projet, S.L.U.** de data **14/10/2025** correspondente a certificación 1 - final, liquidación da devandita obra, por importe de **27.817,90 euros.**

- **Núm. 250037 de Sherpa Projet, S.L.U.** de data **14/10/2025** correspondente á redacción das memorias de presentación e xustificación do proxecto, por importe de **2.178,00 euros.**

TERCEIRO. Declarar que se **cumplíu á finalidade** para a que se concedeu a subvención; **facer constar** expresamente que **por parte da Intervención tomouse razón na contabilidade**, en fase de recoñecemento da obriga, do gasto derivado da contratación da obra; e **declarar**, ademáis, que na tramitación e contratación das obras **cumpríuse a normativa de aplicación** no ámbito local e, especificamente, a que rexe nos contratos do sector público.

CUARTO. Declarar que a actuación levada a cabo non precisou de autorizacións sectoriais para a súa realización.

QUINTO. Consecuentemente, **aprobar a conta xustificativa** da actuación nos termos recollidos nos catro apartados anteriores deste acordo.

4º. CONTA XUSTIFICATIVA DA ACTUACION "CONTRATACION DE SOCORRISTAS PARA PISCINAS MUNICIPAIS" EXECUTADA AO ABEIRO DA ORDE DA CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, DO 27 DE XANEIRO DE 2025 (DOG NÚM. 30 DO 13/02/2025) DE SUBVENCIONS PARA A PRESTACION DE SERVIZOS DE VIXILANCIA, RESCATE E SALVAMENTO NOS ESPAZOS ACUATICOS NATURALS E INSTALACIONES ACUATICAS DESCUBERTAS

O Sr. Alcalde, lembra aos presentes a **subvención** concedida por Resolución da **Dirección Xeral de Administración Local**, de data **5de xuño de 2025**, das de subvencións para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas (**PR460D**), para a execución da actuación chamada **"Contratación de socorristas para piscinas municipais"**

A continuación, pasa a dar conta ós presentes da **documentación xustificativa das dúas contratacións laborais que se realizaron** para a prestación do servizo, nos meses de xullo e agosto de 2025.

Examinada a mesma e atopada conformes, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar a conta xustificativa formulada pola Alcaldía e informada pola Intervención, de acordo có seguinte resumo:





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

CONTRATACIÓN	RETIBUCIÓNS ÍNTEGRAS	SEG. SOCIAL EMPRESA	TOTAL GASTOS
Trablladores do 01/07 ao 31/07/2025	3.250,00	1.149,54	4.399,54
Traballadores do 01/08 ao 31/08/2025	3.471,11	1.149,54	4.620,65
GAS4.620,34TOS TOTAIS RETRIBUCIÓNS DE PEROSAL			9.020,19

Os postos desempeñados polos traballadores contratados foron:

SEGUNDO. Declarar que se **cumpliu á finalidade** para a que se concedeu a subvención; **facer constar** expresamente que **por parte da Intervención tomouse razón na contabilidade**, en fase de recoñecemento da obrigação, dos gastos derivados da contratacións la borais para a prestación do servizo; e **declarar**, ademáis, que na tramitación e contratación do servizo **cumpríuse a normativa de aplicación** no ámbito local e, especificamente, a que rexe a contratación laboral.

TERCEIRO. Consecuentemente, aprobar a conta xustificativa da actuación nos termos recollidos nos apartados anteriores deste acordo.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

